

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

MG-UA/jl

A Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dictou a seguinte

RESOLUCIÓN:



Vista a petición da FEDERACIÓN GALEGA DE TAEKWONDO, con domicilio social en Praza Agustín Díaz nº 3 Porta 23, do Concello de A Coruña (15008) e CIF: G-15237233 solicitando como en anos anteriores axuda económica para as “ESCOLAS DEPORTIVAS DE TAEKWONDO” e o informe favorable de Intervención da data 20/06/16 sobre existencia de consignación suficiente, RESOLVO aprobar o gasto de DEZ MIL EUROS (10.000,00 €), para a finalidade citada, con cargo á aplicación orzamentaria 16/340.3410.489.02 - R.C. nº 201600095038 que se achegará á FEDERACIÓN GALEGA DE TAEKWONDO unha vez se xustifique o importe da subvención concedida con facturas, recibos, etc., que reúnan os requisitos legais esixidos por R.D.1496/03 de 28 de novembro sobre confección de facturas, xunto coa conta xustificativa que relacione os gastos establecidos no orzamento presentado por importe de 10.000,00 € e realizados co desenvolvemento da actividade, tal como se establece no art. 30 da Lei 38/03, Xeral de Subvencións. Tamén deberá acompañar unha memoria da actividade e acreditar a difusión do financiamento pola Deputación da actividade subvencionada. A subvención concedida deberá xustificarse antes do 31/03/2017.

Así mesmo debe remitirse fotocopia desta resolución e os impresos que se achegan debidamente cumprimentados.

O que lle comunico para o seu coñecemento, cumprimento e demais efectos.

Pontevedra, 21 de xuño de 2016

O SECRETARIO



Por delegación do Xefe do Servizo de DEPORTES
segundo R.P. nº 2016001033, de 25 de xaneiro de 2016**FEDERACIÓN GALEGA DE TAEKWONDO**